

# K

# alaikia

suplemento cultural de a peneira

04

xaneiro '07



# ...danzas?

7

Revisamos a película  
*De profundis*, de  
Miguelanxo Prado

8-9 ConfesoNario 10

Presentamos á  
Orquestra de Cámara  
Galega

Confesamos ao  
humorista Xaquín  
Marín

12-13 criticArte 16

Camiñamos da man  
da banda deseñada  
coa revista *BD Banda*


Disecionamos a  
nova cinta de Alberte  
Pagán *Bs.As.*



# Bs. As.: Pagán Redux



Fotogramas do filme.



Cartaz do filme documental.

xurxo\_gonzález

O páramo desértico no que se converteu o audiovisual galego acaba de asistir ao alumear dunha flor que debe servir para estimular tanta incapacidade permanente. No pasado 28 de novembro, na sección "LLendes" da 44ª Festival Internacional de Xixón, presentouse o filme documental galego Bs. As. de Alberte Pagán: unha nova maneira de facer cinema.

## (Re)fundar

Con Bs. As. albíscase unha nova etapa no audiovisual galego. Houbo nomes e datas aldrabas no audiovisual Galego -Sellier (1896), (...), e Chano Piñeiro (1986)-. 20 anos despois do cineasta de Forcarei hai que falar de Alberte Pagán xa que, con este filme, ven a dinamitar o camiño andado polo audiovisual galego naufragado entre entelequias e vicios da máis variada estirpe. Bs. As. é unha produción realizada por unha soa persoa, fora da industria e das axudas da administración. Sen dúbida, unhas premisas tan radicais como esperanzadoras que agardemos troquen a concepción do mundo da imaxe na Galiza.

## (Re)biografar

Bs. As. narra a historia dos familiares de Alberte Pagán na Arxentina. A narración oral e a lectura de e-mails serven como escusa para facer unha "sinfonía da cidade" de Bos Aires. Pagán evidénciase, o autor faise palpábel na enunciación, parte da súa historia familiar para retratar a cidade e facer unha reflexión sobre o paso do tempo. Pagán chega a Bs. As. despois de varias obras descoñecidas de experimentación e afianzamento no medio audiovisual (Como foi o conto e Os Waslala). Mais, para comprender os seus presupostos audiovisuais, hai que (re)perfillar a súa traxectoria e fixarse na súa faceta de investigador cinematográfico, xa que é unha das maiores autoridades europeas no cinema experimental.

## (Re)formar

Moitos son os nomes deste tipo de cinema (expandido, formalista, materialista, estruturalista...), moitos os referentes a ter en conta (Sharits, Snow, Mekas, Kubelka...), mais Pagán foi quen de (re)activar esta corrente audiovisual que procura, de maneira indispensable, da colaboración do pensamento e da reflexión visual do espectador. Un filme-ensaio herdeiro da experimentación da vangarda de entreguerras e (re)actualizado coa tecnoloxía dixital de comezos do século XXI. Estas imaxes destilan unha profilmia coa que se quere deixar patente as condicións e natureza do medio; o valor do encadre, o movemento da cámara, a duración dos planos, o movemento da figuración ata chegar ao desfragmentación co píxel.

## (Re)formular

O documental de Pagán inscríbese plenamente dentro dese xénero cinematográfico tan galego como é o "cinema de emigración", filmes epistolares que, desde os anos 10, cruzaban o Atlántico para deixar ver a realidade de Galiza ou da situación dos emigrantes nos países de acollida. Mais este palimpsesto é proclive á evocación a través de imaxes-recordo como acontece na obra mestra de Chris Marker, Sans Soleil. As lembranzas e a escrita en Internet son recollidos no filme converténdose, desta maneira, nun perfecto souvenir tanto da memoria persoal como xeracional e, por ende, da historia de dous países: Galiza e Arxentina.